

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RADIOCOMUNICACIÓNS DIXITAIS DE VOZ E DATOS PARA A POLICÍA LOCAL DE LUGO, exp 46-2016

Asunto: ACTA APERTURA PROPOSTAS TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR)

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RADIOCOMUNICACIÓNS DIXITAIS DE VOZ E DATOS PARA A OPERATIVA DA POLICÍA LOCAL (EXP. REF. 46-2016). APERTURA SOBRE A (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA) E SOBRE B (PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.)

Sendo as 13:30 horas do día 11 de xaneiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral; don Manuel Méndez Novo, Xefe da Policía Local e como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.


Tamén asisten ao acto público don Daniel Darriba Dacruz e don Gerardo Feijoo, en representación da mercantil VEICAR, S.L; e don Francisco Javier Pérez Rico en representación da mercantil GALICOM TELECOMUNICACIONES, S.L

A continuación procédese á apertura dos sobres B) (proposta técnica relativa ós criterios avaliados mediante xuízo de valor) que tras un exame a primeira vista parece que a empresa Galicom Telecomunicaciones S.L. non aporta Certificado CE (documentación obrigatoria segundo o prego), dato que se comprobara polo técnico informante.

A vista do cal os integrantes da mesa acordan por unanimidade solicitar un informe técnico do Xefe da Policía local sobre a valoración das proposicións en relación con estes criterios non avaliados automaticamente contidos nos sobres B) así como do cumprimento dos pregos

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45

O PRESIDENTE



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.

A SECRETARIA



Asdo.: Ana Tabarés Martínez